

INFORME TÉCNICO

A mesa de Contratación reunida o 6 de xullo de 2017 no proceso de adxudicación de *AUTORIZACIÓN DO USO DO DOMINIO PÚBLICO PARA A COLOCACIÓN DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE ROUPA E CALZADO USADO E OUTROS TEXTILES (Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A do 5º do TRLCSP) CON 56./2016*, encarga a esta Inspección técnica a elaboración da valoración da proposición presentada no sobre nº 2 relativa aos criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes (criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor).

A pesares de ser unha única empresa a valorar, ARROUPA SANTIAGO E.I.L., S.L.U., seguiremos os apartados e criterios que fixa o Prego para ter unha visión máis axeitada do servizo que ofrece a empresa licitadora. En concreto analizaremos os dous criterios da súa oferta:

Criterio 1: Canon, ata 10 puntos

Dí o Prego: "O canon anual mínimo por colector instalado será de 0 euros, importe que poderá ser mellorado polos licitadores. Outorgarase un punto por cada 10 euros adicionais de canon por colector, ata un máximo de 10 puntos....."

O canon ofertado é de 0 euros, polo tanto a puntuación será:

Criterio 1: 1 punto

Criterio 2: Actividades recreativas e culturais relacionadas co ámbito da reciclaxe e da educación ambiental, ata 10 puntos

Dí o Prego: " Os licitadores presentarán unha memoria con actuacións de tipo educativo e cultural en período anual. Outorgarase 10 puntos á proposta de actuación que supoña unha maior duración anual cuantificada en horas. Non se valorarán propostas inferiores a 10 horas mensuais"

A empresa oferta as seguintes actuacións:

* **35** Cursos de sensibilidade ambiental de **8** horas por curso e dirixido a **500** alumnos, que fan un total de **280** horas/ano.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

INSPECCIÓN TÉCNICA
SERVIZOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

* Campañas divulgativas e informativas mediante charlas:

15 ud en colexios privados (Anpas e alumnos) de **1** hora, total **15** horas/ano

76 ud en roupeiros das parroquias de 1 hora, total **76** horas/ano

Total horas adicadas á sensibilización ambiental: $280+15+76 = 371$ horas/ano

Puntuación:

Mínima: 1 punto por 110 horas /ano

371 horas /110 : 3,37

Criterio 2: 3,37 puntos

A vista do anterior a empresa **ARROUPA SANTIAGO E.I.L., S.L.U.**, acada unha puntuación nos criterios sinalados no Prego de **4,37 puntos**.

Santiago de Compostela, 11 de Xulo de 2017

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García